

# «Suxeríronme pasar á narrativa para chegar a máis xente»

O historiador presenta «Escapado», a súa primeira novela, unha crónica da posguerra que xa estudou nos seus ensaios

**Tucho Calvo**

REDACCIÓN | O investigador Luis Lamela prosegue co seu incansable traballo para sacar á luz a realidade da Guerra Civil e a posterior represión do franquismo en Galicia. O venres presenta *Escapado*, a súa primeira novela tras unha ampla traxectoria no ensaio, que deu obras tan populares e destacadas coma *Pepe Miñones: un crimen en la leyenda* ou *Foucellas*, que chegou ás seis edicións.

—¿Que nos pode contar desta a súa primeira experiencia no xénero narrativo?


—*Escapado* é unha miscelánea, unha mestura de biografía, novela e ensaio, os feitos históricos documentados crúzanse cunha relación literaria. Porque usei material histórico; todos sabemos que a realidade supera á ficción, pese a que eses acontecementos aparezan novelados. Pódese dicir que é unha novela con aspecto de crónica, xa que a través da vida do protagonista, Teófilo Caamaño, vemos a unha xeración que tivo que fuxir ao monte, aos perseguidores que converteron a súa vida nun inferno, as torturas, a represión, as terribles condicións dos presos nos cárceres de San Felipe e San Simón, o medo dos presos, a inclemencia dos sacerdotes...

—¿E por qué decidiu relatar esta historia en formato novelístico?

—Eu estou cómodo co ensaio, pero persoas próximas suxeríronme pasarme á narrativa para chegar a máis xente. E a verdade é que *Escapado* está tendo máis difusión que as miñas obras anteriores, aínda que o libro que escribín sobre Foucellas tivo tamén una gran repercusión e moitas edicións.

—¿Que opinión lle merece que haxa quen non estea de acordo coa retirada de símbolos franquistas das rúas?

—Vexo moito fariseísmo nos



Lamela, con un exemplar da súa obra sobre Antonio Fernández Pita | C. QUIAN

sectores da sociedade que defenden a permanencia deses símbolos. Afirmán non ter nada que ver co franquismo, pero o seu proceder os define. Non ten sentido manter co pretexto da democracia os símbolos dos que a atacaron e a destruíron. Tamén é algo natural, o coñecemento crea opinión e diálogo, e esa é a forma de pechar esas feridas que eles din que se reabren.

—¿Nota que xa se pode tratar o tema do franquismo máis abertamente que cando empezou a traballar estes temas?

—Si, iso está superado. Hai 20 anos había medo a falar, a que se volvea a soltar o demo. Topei-me con moitas persoas, non dúas ou tres, moitas, que me chamaron porque querían falar comigo e logo, por medo, non querían contarme nada das terribles penurias que sufriron neses anos. E que a historia non pesa nada, no se fai con ánimo de vinganza, senón de coñecer o que non se coñece. Nada máis.

—¿E o peso de 40 anos de historiografía franquista está tamén superado?

—A cousa vai lentamente. A ideoloxía, entre comiñas, fascista conta con moita forza en sectores que retardan unha volta á normalidade. Por exemplo, eu no 1991 tiven problemas con determinados poderes sociais e para acceder a certos arquivos militares. Iso si que forma xa parte do pasado.

—Pero aínda hai voces que dubidan da crueldade do réxime franquista, como os revisionistas.

—Esas persoas o único que están é indocumentadas, non van ás fontes dos represores, que as hai, e moitas, porque co seu afán de *legalizar* os seus crimes, deixaron moito rexistros. En vez de acudir a esta documentación, van á bibliografía existente do franquismo, beben da falsidade desa historiografía, por iso eses indocumentados non teñen ningunha credibilidade entre os que estudamos estes temas.